

novas CTNL



Curso sobre "Lexislación Lingüística de Galicia"

O pasado 17 de novembro remataba na Facultade de Filoloxía da USC, o curso sobre "Lexislación Lingüística en Galicia" que organizou a CTNL co apoio académico do Departamento de Filoloxía Galega, e coa subvención da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, dentro do programa de formación do pasado ano. O curso fora presentado o 12 do mesmo mes polo profesor do Departamento de Filoloxía Galega Henrique Monteagudo, quen se referiu ó esforzo de formación dos técnicos e técnicas dos servizos lingüísticos, que está a levar adiante a CTNL.

O obxectivo deste era aprofundar no estudo dos dereitos lingüísticos dos cidadáns e no papel que pode xogar a Administración pública no impulso do uso do galego tanto no seu seo como en diferentes ámbitos da sociedade (relacións comerciais, asociativas...). O curso tiña un enfoque eminentemente práctico e con el pretendíase expoñer as vías de que poden dispoñer os cidadáns para facer valer os seus dereitos lingüísticos, así como os técnicos de normalización lingüística para dalos a coñecer e promovelos. Tamén se pretendía incidir nas medidas que poden adoptar as distintas administracións públicas para promover o uso do galego, e todo isto, en boa medida, a partir das preguntas enviadas previamente polos interesados no curso, a través deste boletín.

O marco normativo

Abriu o curso o profesor de Dereito Administrativo da Facultade de Dereito da USC, Xabier Ferreira, para referirse ó marco normativo do galego como lingua oficial, desde unha perspectiva comparada.

Ferreira partiu de que, segundo a lei, o dereito a usar o galego non está recollido coma un dereito fundamental, polo que deben ser as normas as que fixen o marco de protección. Percorreu, logo, o longo camiño aberto pola lexislación e a xurisprudencia para deixar claros algúns extremos. Por exemplo, que lingua oficial significa "recoñecida polos poderes públicos como lingua de comunicación entre eles e cos cidadáns", e que, como tal, deixa fóra o ámbito privado. Ou que

cooficialidade non é sinónimo de bilingüismo. Así mesmo, tamén lembrou que só as leis poden establecer sancións en materia lingüística, pero non as normas de rango inferior.

O galego e a Administración pública

A segunda sesión, impartida por Ferreira e Alba Nogueira (profesora do mesmo departamento) centrouse no galego na Administración pública. Lembrou que en determinados ámbitos si se pode esixir o deber de coñecer o galego, como ós funcionarios ó servizo dos poderes públicos, así como as condicións que se requiren. Tamén se lle pode esixir o uso do galego ós contratantes ou provedores dunha Administración pública, e ás empresas participadas por esta (fundación, entes, consorcios...), pois están financiadas, aínda que sexa parcialmente, con cartos públicos. Finalmente, referiuse a que o trato irrespectuoso dun funcionario por razóns de lingua debe tratarse no mesmo réxime que calquera outra infracción.

A sesión rematou con dúas probas prácticas: a fixación de perfís lingüísticos dentro da RPT dunha administración, e mais un suposto práctico.

O galego nas relacións xurídicas privadas

O profesor de Dereito Mercantil da USC, Anxo Tato, foi o encargado de impartir a derradeira sesión, que se centrou no uso da lingua galega no ámbito do rexistro mercantil, na etiquetaxe dos produtos e na publicidade, desde unha perspectiva comparada con outros países.

Tato subliñou a dificultade do uso do galego nun ámbito cheo de prexuízos sociolóxicos, e de baleiros legais, cando non de lexislación e xurisprudencia negativos. Resaltou tamén o cativo papel que está a xogar a propia Administración galega neste eido.

Valoración do curso

Interese	8,4
Utilidade	7,5
Cumprimento das expectativas	7,4
Organización	6,8
O profesorado	
Xabier Ferreira	8,1
Alba Nogueira	6,9
Anxo Tato	8,2
Global	8,03

Velaquí as valoracións feitas polos asistentes ó Curso sobre Lexislación Lingüística de Galicia. Á marxe do positivo dos datos, polos cales resulta un dos cursos máis valorados dos realizados pola CTNL, os alumnos e alumnas do curso destacaron como aspectos positivos: a ampla documentación fornecida polo profesorado (bastante máis de cen folios con lexislación, xurisprudencia, análises, etc.); o carácter eminentemente práctico; o fomento da participación dos alumnos coas súas preguntas, dúbidas, suxestións..., así como o didactismo na explicación de especificidades propias da materia, ó se dirixir a un público pouco douto nela.

A organización do curso pide desculpas polos problemas habidos á última hora de calendario da última sesión.

sumario

- Pax. 2** Programa de Formación da CTNL para 1999
Cursos en colaboración
Presencia da CTNL na Televisión de Terras de Lemos TV7
Asemblea Xeral 1999
- Pax. 3** A CTNL diante da creación de novos servizos lingüísticos
I Curso para os ENL dos Centros de Ensino
Libros
- Pax. 4** Propostas da Mesa para as eleccións municipais
A Proposta da CTNL de organización territorial dos Servizos Lingüísticos
Novos servizos do SNL en liña
O galego ás portas do 2000

**Coordinadora
de Traballadores e Traballadoras
de Normalización da Lingua**

Programa de Formación da CTNL para 1999

Seguindo cun dos obxectivos fundacionais da CTNL -a formación dos técnicos que traballan no eido da normalización lingüística- tratouse na última asemblea xeral o programa de formación da CTNL para o presente ano, acordando a realización de 3 cursos.

1- Animación Sociocultural e lingua: Algúns parámetros para a intervención.

Desenvólveo o día 8 de maio o profesor Hector Pose.

O obxectivo deste curso é abordar os aspectos básicos da Animación Sociocultural (terminoloxía, pautas no deseño e desenvolvemento de programas, etc) facendo especial fincapé no ámbito da Animación Sociolingüística. Coñeceremos, cunha metodoloxía fundamentalmente práctica e participativa, algunhas iniciativas desenvolvidas en distintas instancias ó respecto da promoción da lingua galega.

Programa

- 1- Animación sociocultural: Breve aproximación conceptual
- 2- O deseño de proxectos de animación sociolingüística: Bases procedementais
- 3- Iniciativas: - A arte, etnografía e historia local
- O teatro lido

Despois de varios cursos formativos, entre outros, de sociolingüística, dinamización ou de aprende-lo fundamental da lexislación lingüística de Galicia, seguimos tendo necesidades que a tradición científica de

saberes filolóxicos non nos proporcionou. Para o traballo en normalización lingüística necesitan saber claves de funcionamento doutras ciencias sociais. Somos conscientes de que non imos volver a facer outra licenciatura diferente pero poderemos aprender algo sobre como vende-lo galego, como chegar ó público (mercadotecnia da lingua) e de cómo convencer ós nosos compañeiros de traballo para usaren o galego, como actuar nunha mesa de negociación... (técnicas de negociación).

2- Técnicas de Negociación.

Neste curso vaise tentar presentar unha base teórica sobre o papel da intervención social, o ámbito e a localización dos axentes, a negociación como elemento mediador do conflito. Darannos tamén algunhas estratexias da negociación, as etapas do proceso e as dificultades da posta en práctica así coma a súa avaliación.

3- A Mercadotecnia da Lingua.

Todos temos necesidades, nos mundos que corren, de saber algo sobre mercadotecnia para aplicar ó noso traballo. Nel tentarán aprendernos a posiciona-la lingua na sociedade mediante o estudo de todo o contorno, onde entre tamén o comportamento dos nosos consumidores: os galego falantes actuais e potenciais. Ó ter deseñado contorno e público, ¿como presentámo-la lingua?, ¿como seleccionámo-la súa distribución e como xestionámo-los custos?. A estas preguntas darannos respostas neste próximo curso.

Cursos en colaboración

TERMIGAL

Debido a que os problemas terminolóxicos nos servizos seguen sendo moitos, e posto que xa está en funcionamento o Centro de Terminoloxía Técnico-científica de Galicia (TERMIGAL) decidimos contactar co seu director -Manuel González González- para propoñerlle a realización de 2 cursos sobre Terminoloxía: un primeiro de coñecementos teóricos e un segundo de desenvolvemento práctico. Trala boa acollida da iniciativa comezamos a organización dos mesmos. Fixose o primeiro de Introducción ó traballo terminolóxico puntual para o mes de outubro en 7 sesións de 3 horas cada unha distribuídas en días alternos para facilitarlle a asistencia á xente de fóra de Santiago. Realizarase durante o mes de novembro no salón de actos do Instituto Ramón Piñeiro. O obxectivo fundamental é

darlle á xente que traballa nos servizos unhas claves teóricas de introducción xeral á terminoloxía, establecendo criterios sobre o que son as unidades terminolóxicas, como se delimita o campo de traballo ou como se fan definicións. Centrarémonos logo no estudo da terminoloxía en Galicia e logo os membros do Termigal presentaránnos un modelo de ficha para que todos a poidamos usar e así unificar criterios de traballo, optimizando deste xeito mellor o traballo dos borseiros do centro de terminoloxía de Galicia con todos aqueles traballadores de servizos que poidan estar recompilando léxico. Por último verémo-las aplicacións do traballo terminolóxico puntual.

Falouse tamén de que no vindeiro ano á altura de febreiro, para non perderlo fío, haberá que facer unha

Introducción ó traballo terminolóxico sectorial, vendo o procedemento cun caso práctico concreto: a elaboración dun dicionario paso a paso.

EGAP

Tamén se fixeron contactos coa Escola Galega de Administración Pública para que realizase un Curso de Linguaxe Administrativa e, aínda que as conversas non están tan adiantadas como co TERMIGAL, na CTNL esperamos que non haxa problema para que a EGAP realice este curso, xa que o consideramos de gran interese para tódalas persoas que traballamos en SL/SNL e que nos enfrontamos a este tipo de textos todos os días. Xa vos daremos novas de como se aceptou a solicitude da CTNL.


PRESENCIA DA CTNL NA TELEVISIÓN DE TERRAS DE LEMOS TV'7

O pasado venres, 19 de marzo tivo lugar a retransmisión dunha mesa-redonda e posterior debate sobre o estado e futuro da lingua galega na Televisión Local de Monforte de Lemos e comarca TV'7. Coa presentación por parte do director da propia emisora Fidel Fernán Bello, participaron Xosé Manuel López Santos, representando á Dirección Xeral de Política Lingüística, Xosé Martínez, técnico de normalización lingüística do Centro para o Desenvolvemento Comarcal de Terras de Lemos, Xosé Manuel Eiré mestre de galego

en Monforte e o presidente da CTNL Valentín García Gómez.

No programa televisivo, aínda que cun tema tan amplo, fíxose un percorrido pola saúde da lingua nas súas máis diversas facetas durante preto de tres horas, cun debate final que contou con numerosas chamadas telefónicas dos televidentes, que a pesares do tarde da hora quixeron deixar constancia da súa opinión sobre o galego, o seu estado e normalización.

PEZA DE APOIO



Este é o lema co que se dirixe o Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística (APNL) a todos os seus potenciais usuarios e usuarias. Trátase dun tríptico de promoción que, co nome completo do APNL como "Centro de Documentación de Sociolingüística de Galicia", mostra que hai ferramentas de apoio que se consolidan para ben da saúde da nosa lingua.

O tríptico consta dunha pequena explicación do que é un Centro de Documentación como o APNL e de cales son os seus obxectivos principais, explica tamén de onde proceden e como se clasifican os materiais dos seus fondos e, finalmente, fai unha relación dos servizos que ofrecen. Os nosos parabéns para o APNL nesta nova etapa divulgativa.

Asemblea Xeral 1999

O pasado día 23 de xaneiro de 1999 tivo lugar a asemblea xeral ordinaria da CTNL na que había que decidir as actividades que se ían realizar durante o ano, á parte de facer un resumo das organizadas o ano pasado. Arredor das 11.15 horas da mañá comezamos no salón de graos da facultade de Filoloxía, o grupo de asistentes era reducido unha vez máis, polo que correspondería unha boa bronca: nas asembleas é onde se toman as decisións, se non asistides, non contribuídes, e se non vos parecen ben non estades alí para dicilo. O presidente comezou por resumir as tarefas levadas a cabo pola entidade durante o ano 1998, das que xa tivestes noticias nalgunha ocasión (cursos, II Encontros para a Normalización Lingüística, lectura de Valle en galego, relacións coa Fegamp e a DXPL, etc...). No seguinte punto da orde do día pasouse a falar do camiño que debería seguir a proposta de organización dos SNL da coordinadora, da cal os socios xa recibiron unha copia.

Cando se tratou o estado de contas, propúxose unha domiciliación das cotas de socio, que cada un pode realizar dándolle unha orde ó banco para que a primeiros de ano se transfira o pagamento da cota de socio. De tódolos xeitos, moitos dos socios descoñecían cál era a última cota que pagaran polo que se decidiu enviar unha carta personalizada co estado de contas de cada un (aínda está pendente).

Con respecto ó número de socios, tamén se comentou que medrou moito durante o ano 1998, coa achega de xente do ensino, novos servizos comarcais, ... Agora seremos uns 54 socios. Tamén se deu conta da concesión das subvencións da DXPL para actividades que realizamos o pasado ano (2 cursos e a edición do boletín).

No tocante á substitución dun membro da xunta directiva, Isabel Vaquero expuxo as súas razóns para deixar vacante o seu posto na

xunta directiva da CTNL e nomeáronse varios candidatos para a posible substitución, algúns deles argumentaron a súa imposibilidade para formar parte da xunta e logo dun pequeno debate resultou elixido pola maioría asistente Xulio César Álvarez (SNL Concello de Lugo) como vocal da xunta directiva.

No punto de actividades para levar a cabo durante o ano 1999, propóñense:

- Unha mellora da edición do boletín Novas CTNL, o que incrementaría o seu custo, pero a asemblea considerouna necesaria por maioría.
- A creación dunha páxina web da CTNL.
- Cursos, aprobase o seguinte plan de formación para organizar este ano pola CTNL:
- Animación sociocultural e lingua.
- Técnicas de negociación.

Mercadotecnia da lingua

- Solicitar a outras entidades (propostas):
- Linguaxe xurídico-administrativa (coa EGAP).
- Terminoloxía (co Termigal).
- III Encontros para a Normalización Lingüística (co CCG).

Ademais retomáronse cuestións como as publicacións dos materiais dos cursos, de lecturas básicas de sociolingüística para desempeñar o noso traballo, posibles bolsas de viaxe no exterior e outras actuacións para activar o traballo que corresponde a outras entidades e mellorar as canles de información.

Non habería máis nada importante que destacar da asemblea, a non ser reiterarvos que debedes acudir ás asembleas anuais, onde podedes opinar e propoñer ideas novas, defectos dos que podemos non decatarnos, para iso sodes socios dunha entidade tal.

A CTNL diante da creación de novos servicios lingüísticos. O caso do Concello de Lalín

A CTNL enviou un documento ó Concello de Lalín facendo relación ás bases reguladoras da contratación con carácter laboral e duración determinada dunha persoa para realizar as tarefas propias de normalización lingüística, aprobadas pola Comisión de Goberno dese concello celebrada o 3 de marzo de 1999, ademais de facer constar a importancia de que un concello cree un servizo lingüístico. Xa que este feito contribúe sen ningún xénero de dúbidas ó necesario proceso normalizador da nosa lingua, así como á expansión de servizos lingüísticos públicos que esta Coordinadora considera indispensables en tódolos ámbitos da sociedade.

En relación coa creación do antedito servizo, lembrámoslle que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, co que se pretendía fornecer ós alcaldes e concelleiros de material de apoio e orientación neste terreo. Nese manual defendíase que a constitución de servizos lingüísticos nas diferentes administracións, incluída a local, é a forma máis idónea de dar resposta a estas necesidades@.

Ademais de lembrarlle ó concello as funcións primordiais a desenvolver por un SNL, fixémoslle saber que as bases no seu día redactadas, presentan certos aspectos que deberían ser mellorados, un deles, o máis importante, tivemos coñecemento polos medios de comunicación que fora modificado por medio de resolución da Alcaldía (La Voz de Galicia 19.03.99), como é a exclusión desa convocatoria dos licenciados en Filoloxía Galego-Portuguesa (apartado III punto b), pois se ben é certo que non necesariamente cómpre estar en posesión deste título para realizar labores de normalización lingüística, en ningún caso se debe pechar a posibilidade de acceder a estes traballos ás persoas con esta titulación, restrinxíndoa unicamente á licenciatura en Filoloxía hispánica. Titulados en Filoloxía galega son os que, ata agora, maioritariamente se encargan deste tipo de unidades porque as tarefas de tradución, corrección, asesoramento lingüístico e mesmo formación en lingua galega teñen un peso fundamental no seu traballo. Como ademais, un dos labores a realizar nese concello, tal e como se desprende das bases antes citadas, será a elaboración do Plan Xeral de Ordenación Municipal, pareceunos este un aspecto bastante importante.

Por outro lado, debería incluírse nas bases un baremo claro para valorar os méritos -evitando deste xeito calquera suspicacia innecesaria-, entre os que se deberán ter en conta os relacionados coas funcións propias da praza así como a maior especialización e experiencia profesional.

Fixémoslle chegar a nosa esperanza en que a Corporación, entenda a conveniencia de que a praza creada se consolide co paso do tempo, dotándoa de máis horas de operatividade co correspondente incremento de salario, pois a continuidade nos snl é un aspecto fundamental, non sempre tido en conta á hora da súa posta en funcionamento.

Por último, lembrámoslle ó Concello de Lalín que a CTNL ten elaborado un Informe-proposta sobre a organización dos servizos lingüísticos locais, recentemente exposto nos II Encontros pola Normalización Lingüística, convocados polo Consello da Cultura Galega, pois consideramos pode ser de moito interese para tódalas entidades locais de Galicia.


O devandito escrito foi enviado ó concello e ós principais medios de comunicación co fin de que tivesen constancia da postura da CTNL no tocante á convocatoria da praza.

I Curso para os ENL dos Centros de Ensino



O APNL organizou este primeiro curso para os ENL que se celebrou na sede do CCG os días 4, 5 e 6 de febreiro deste ano. O curso contaba coa colaboración da Mesa pola Normalización Lingüística e da Coordinadora Nacional de ENL e tivo unha participación de máis de 140 persoas.

Durante estes días o CCG encheuse de profesorado disposto a informarse, formarse e buscar liñas de actuación debatendo a situación e as posibilidades dos ENL e da normalización lingüística no ensino, agromando bastante descontento polo abandono co que os ten a administración. O curso, que contou tanto coa participación de especialistas en sociolingüística como con casos prácticos de dinamización en centros concretos, foi inaugurado polo Director Xeral de Política Lingüística e contou cunha



representación institucional do País Vasco e de Cataluña que explicaron os seus modelos de normalización para o ensino.

Na sesión de clausura léronse unhas conclusións que recollen os puntos básicos sobre os que xirou o curso, entre eles:

- Necesidade maior apoio económico e humano da Xunta de Galicia.
- Seguimento do cumprimento da lexislación
- Necesidade de coordinación entre os ENL.
- Maior formación para o profesorado, tanto gramatical como de destrezas lingüísticas.
- Necesidade de materiais didácticos de apoio.
- Recoñecemento da figura do Coordinador do ENL.

Estudio sociolingüístico sobre a situación da lingua galega no Concello de Vigo

Autores: **Antonio Vaamonde Liste, Ricardo Luaces Pazos, Patricio Sánchez Bello, Luz Varela Caruncho.**

Colabora: **Marta Souto González.**

Universidade de Vigo / Concello de Vigo, 1998


Este estudio sociolingüístico responde ó interese do Concello de Vigo por coñecer a situación actual do uso da lingua galega por parte dos seus habitantes. Realizouno a Universidade de Vigo mediante un equipo interdisciplinar de investigadores dos departamentos de Estatística, Filoloxía Galega e Socioloxía. O obxectivo da investigación foi, segundo manifestan os propios autores, ofrecer unha imaxe sociolingüística do concello de Vigo. Con tal finalidade, os datos que se achegan son o resultado dunha enquisa sociolingüística.

Os contidos do traballo divídense en catro partes temáticas: especificación da metodoloxía empregada para cuantificar os datos e descrición da mostra tida en consideración; análise pormenorizada dos resultados obtidos respecto á lingua oficial e á competencia na lingua; consideración dos resultados da lingua habitual para os vigueses e viguesas cabo da frecuencia de uso que ten o idioma; investigación sobre actitudes e opinións lingüísticas dos cidadáns tiradas dun amplo abano de preguntas arredor destas cuestións.

Cabo do tódolos datos indicados, o volume preséntanos finalmente un capítulo de conclusións tiradas a partir dos datos obtidos. De tales conclusións extráese que as actitudes,

en xeral positivas, concédennles ós poderes públicos preocupados pola situación actual e o futuro da lingua e máis ós planificadores un campo moi amplo de traballo, posto que toda clase de iniciativas dirixidas a promocionalo emprego da lingua poderían contar co apoio explícito da maioría da sociedade viguesa.

Desde a CTNL desexamos que iniciativas coma a do Concello de Vigo e maila da Universidade de Santiago sirvan para incidir positivamente nunha planificación mellor, por parte da administración pública, de tódalas iniciativas que teñen que conducir á plena normalización da lingua.



O idioma na Universidade de Santiago de Compostela

(Resultado dun inquérito realizado no curso 1995-96)

Coordinador: **Modesto A. Rodríguez Neira**
Autores: **Maricarme García Ares, Manuel C. Núñez Singala, Modesto A. Rodríguez Neira, Begoña Varela Vázquez**

Universidade de Santiago de Compostela, 1998

Editado polo Servizo de Publicacións da USC, este volume é froito dunha enquisa realizada no curso 95-96 a 2.782 estudantes, 1.781 docentes e 519 membros do Persoal de Administración e Servizos.

O traballo responde ó compromiso da Universidade de Santiago de Compostela de promover, no ámbito das súas competencias, accións que contribúan á normalización e ó desenvolvemento da lingua galega.

O estudio fornece información sobre do estado actual da lingua na Universidade compostelá, arredor dos avances e retrocesos, verbo da súa abundancia e as súas carencias. É un instrumento de análise útil, que, desde o primeiro, foi concibido como o primeiro paso cara a unha planificación lingüística máis racional e eficaz, e sobre todo baseada nas demandas reais da poboación universitaria, nas súas necesidades lingüísticas.

Dos tres grupos universitarios, soamente un, o persoal de administración e servizos, amosa uns índices de galeguización aceptables e acordos coa demanda do resto

da comunidade. Xa vai para quince anos da oficialización do galego na Universidade, e en todo este tempo non se avanzou o suficiente aínda para que a situación real da lingua cadre coas expectativas que sobre ela parece ter o colectivo universitario. Estas, segundo a enquisa, son ben claras: máis da metade da poboación está totalmente ou bastante de acordo en que a lingua galega debe se-la habitual da Universidade.



Propostas da Mesa para as eleccións municipais

A Mesa pola Normalización Lingüística dirixiuse a todos os partidos políticos para que nos programas que preparan para as vindeiras eleccións municipais recollan unha serie de medidas en prol da lingua galega.

Incluimos a seguir, e de xeito esquemático, as cuestións fundamentais sobre as que tratan as doce propostas da Mesa

- 1.- Concellería de Normalización Lingüística e Servizo de Normalización. Elaboración dun Plan municipal de normalización.
- 2.- Promoción dos servizos en mancomunidades ou comarcas como apoio aos concellos pequenos.
- 3.- Regulamento interno de uso do galego.
- 4.- Informe ao principio do mandato sobre a situación do uso da lingua - auditoría lingüística- como punto de partida para o Plan municipal de

normalización.

- 5.- Campaña xeral de información e sensibilización.
- 6.- Patronato da Lingua, no que estean representadas entidades públicas e privadas.
- 7.- Solicitar de todas as entidades coas que o concello mantén relación que se comuniquen en galego con este e que respecten a toponimia oficial.
- 8.- Convenios con emprsas e asociacións para fomentar o uso do galego nas súas actividades. Apoio ao traballo dos centros de ensino.
- 9.- Programas de formación e dotación bibliográfica para o persoal do Concello.
- 10.- Incluir a lingua na información turística.
- 11.- Revisión da sinalética e rotulación. Recuperación da toponimia a través dun estudio.
- 12.- Programa con actividades variadas para os máis novos que estimulen o uso do galego.

Ademais, a Mesa solicitou todos os grupos políticos a galeguización oficial dos nomes dos integrantes das listas electorais.

Ademais do envío das propostas, a Mesa mantivo reunións cos candidatos ás alcaldías das cidades e vilas máis importantes do país.

A Proposta da CTNL de organización territorial dos Servizos Lingüísticos

A CTNL acudiu ó convite do Arquivo de Planificación e Normalización do Consello da Cultura Galega para asistir aos II Encontros de Normalización Lingüística e presentar a proposta que se elaborou sobre a organización territorial dos servizos lingüísticos. Ese foi logo o primeiro foro onde o noso presidente, Valentín García, tivo ocasión de expoñer o contido da proposta que posteriormente se enviou á Dirección Xeral de Política Lingüística, á Federación de Municipios e Provincias, á Dirección Xeral de Xustiza e a todos os partidos políticos e sindicatos. Neses mesmos encontros, a CTNL participou nun coloquio coas institucións implicadas, no que se puido albisar un certo interese pola súa parte que debería concretarse en reunións posteriores - solicitadas expresamente pola nosa organización- e polas que aínda estamos agardando.

Resumimos de seguido as liñas xerais da proposta ás que se chegou logo dunha análise dos problemas e necesidades actuais así como dos medios que están empregándose na creación e mantemento de servizos lingüísticos que, en moitos casos, non pasan dunha existencia efímera. Asemade, lembramos que calquera persoa interesada pode obter unha copia completa do texto demandándoa por carta ou en calquera dos teléfonos de contacto coa directiva da CTNL.

- Creación dunha entidade autónoma participada pola administración autonómica e os concellos, que podería ser un consorcio. Deste organismo, dirixido por un consello no que estean representadas as administracións consorciadas, dependería as unidades necesarias e o persoal encargado de deseñar e executar os programas de normalización en todo o territorio.

- Este organismo único funcionaría cunha metodoloxía uniforme para deseñar propostas globais que terían o seu desenvolvemento e adaptación para cada zona e completaríanse tamén con programas propios desa zona. Isto tería como consecuencia a formalización da política de normalización en programas cos correspondentes obxectivos, secuenciación e mecanismos de avaliación.

- O consorcio, a través de unidades territoriais distribuídas consonte criterios demográficos, socioeconómicos e sociolingüísticos, daría servizo a todos os concellos galegos e tamén a todas as entidades que o requirisen presentes nesas zonas -asociacións, empresas, etc.

- Ademais das unidades territoriais existirían uns servizos centrais con responsables especializados en cada unha das áreas de actuación que se encargaría do deseño -en comisións nas que tamén terían participación


as unidades territoriais e outros organismos dos programas de normalización.

- A estrutura contaría co soporte administrativo necesario.
- Proponse a creación da figura do valedor do falante que recolla todas as demandas e queixas canalizándoas dentro e fóra do propio consorcio.

Esta organización territorial única suporía algunhas vantaxes con respecto á situación actual:


- Aproveitamento dos recursos.
- Globalización da programación que podería ser moito máis ambiciosa e efectiva.
- Especialización do persoal en áreas de traballo.
- Extensión da política de normalización a todo o territorio sen depender da vontade que poida existir en cada concello.
- Condicións de traballo dignas para o persoal de normalización.
- Dotación de medios para a programación de actuación e non só para a contratación de persoal.

A CTNL NAS XORNADAS ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO "O GALEGO ÁS PORTAS DO 2000"



O Concello de Vigo, co patrocinio e colaboración da EGAP, a Coordinación da Comisión Interdepartamental de Normalización Lingüística e a Comisión de Formación, Perfeccionamento e Especialización, levaron a cabo do 1 ó 12 de febreiro as xornadas "O galego ás portas do 2000", nas que se fixo un amplo percorrido pola situación actual e próxima da lingua. Os relatores, galegos e de fóra da nosa comunidade, trataron das institucións, os estudos e investigacións existentes, os medios de comunicación, a lingua no mundo laboral, da empresa, do comercio, da publicidade, na informática, na cultura e finalmente do proceso de normalización lingüística en xeral.

A CTNL foi convidada a participar dentro do apartado "A lingua na sociedade. Ámbito laboral", na que o presidente Valentín García, xunto co da Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística Xaquín Monteagudo e o responsable do SNL da CIG (membro tamén da Coordinadora) Rafael Villar, analizaron o día 5 de febreiro o nivel de normalización existente e o impulso que o idioma necesita neste eido, no que se destacou a importancia da proposta recentemente elaborada pola CTNL para a reestructuración dos servizos lingüísticos, que suscitou un gran interese no público asistente a esta sesión.



Novos servizos do SNL en liña

Hai xa uns días que entraron en funcionamento dous novos servizos en liña na páxina web do Servizo de Normalización Lingüística, <<http://www.usc.es/snlus>>, dentro do que é a renovación e actualización constante que se iniciou o pasado mes de outubro, coa que se pretende dinamizar o estado do galego na arañeira. Cómpre non esquecer que este foi o servizo de normalización de Galicia pioneiro en entrar na rede, xa no ano 96.

Por unha banda, trátase da posibilidade de

consultar en liña os vocabularios e léxicos publicados ata agora polo SNL: léxico editorial, historia, matemáticas, ciencias naturais, arqueoloxía, xeografía, educación social...

A meirande parte deles tiñan xa esgotada a súa edición en papel, polo que o formato dixital é o único en que se poden consultar agora, algo que queda doadamente ó alcance de calquera membro da comunidade

universitaria. Ademais de poder consultalos, os vocabularios poden copiarse íntegros, en formato word comprimidos. Esta oferta véñse engadir á que xa fornecían sitios como

galego.org, <<http://galego.org>>, ou o Traductor Virtual, <<http://www.uvigo.es/utilidades/traductor>>

Por outra banda, o SNL pretende facilita-las

consultas de dúbidas lingüísticas e terminolóxicas, ó incorporar un formulario electrónico na súa páxina relativa ó asesoramento, corrección e traducción. Este servizo restrínxese ós usuarios que posúan un enderezo de correo electrónico baixo o dominio <usc.es>. Este é o primeiro sitio web da lingua galega que permite consultas lingüísticas en liña. Preténdese que, a partir das dúbidas que se formulen a través del, así como das súas respostas, poida abrirse nun futuro próximo unha páxina con arquivo histórico, onde se poidan reflectir as consultas máis frecuentes.

<<http://www.usc.es/snlus>>